

A thick dark blue vertical bar runs down the left side of the page. A blue arrow-shaped graphic points to the right from the bar, containing the date.

7-10-2022

PLAN DE CONVIVENCIA

A series of thin, overlapping, curved lines in shades of blue and grey originate from the bottom left and sweep upwards and to the right, creating a sense of movement and depth.

CEIP Plurilingüe O Ramo (Barallobre)



ÍNDICE:

1. Xustificación

- 1.1. Marco legal.
- 1.2. Contextual.
- 1.3. Instalacións.
- 1.4. Condicións socioeconómicas.
- 1.5. Recursos Humanos.

2. Análise conceptual previa.

3. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.

4. ACCIÓNS QUE AXUDEN A ACADAR OS OBXECTIVOS PREVISTOS.

5. NORMAS DE CONVIVENCIA.

6. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA ESCOLAR. DEREITOS E DEBERES DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

7. AULA DE CONVIVENCIA ESCOLAR.

7.1. Finalidade e Obxectivo.

7.2. Criterios e condicións de atención ao alumnado no aula de convivencia.

7.3. Criterios pedagóxicos e atención educativa no aula de convivencia.

7.4. Procedemento de derivación.

7.5. Profesorado responsable da Aula de Convivencia.

7.6. Ubicación da Aula de Convivencia.

8. SEGUIMIENTO , AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

8.1. COMISIÓN DE CONVIVENCIA ESCOLAR.

8.2. CONSELLO ESCOLAR.

8.3. CLAUSTRO DE MESTRAS E MESTRES.

8.4. EQUIPO DIRECTIVO



9. CONCLUSIÓN.

ANEXOS



1. XUSTIFICACIÓN.

1.1. Marco Legal.

O marco legal que xustifica e desenvolve actuacións respecto á convivencia nos centros educativos, así coma a redacción personalizada dun Plan que regule e personalice os procesos e medidas que se dan en determinado centro educativo, serían:

- Lei 27/2005, de 30 de novembro (BOE 01-12-05), de fomento da educación e a cultura da paz; especialmente no seu artigo 2.
- LOE 2/2006, de 3 de maio (BOE 04-05-06).
- Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro (DOG 27-03-15), polo que se desenrola a lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- LOMLOE 3/2020



Contextual.

A situación socioeconómica e cultural das nosas familias, moi relacionada coa situación de Barallobre, dependente dos asteleiros, que son un dos epicentros da crise económica e industrial de Galiza, e que está a pegar con forza as nosas familias.

-Destacar a necesidade, aportada por todos os mestres e mestras, de buscar coherencia nas normas, límites e xeitos académicos, de hábitos e rutinas de estudo, na realización dos deberes escolares e na convivencia común de ambos contextos que preparan ao alumnado de cara á sociedade, como, pretendemos que sexan, axentes de cambio activo e positivo das mesmas.

-A pesar da escaseza de conflitos resoltos con calquera tipo de violencia, obsérvase a falta de recursos por parte do alumnado para resolver os seus conflitos por si mesmos, sen a intervención de adultos e dun xeito pacífico, construtivo e dialogado.

-Destacar tamén, a necesidade de dar a coñecer e formular dun xeito simple, directo e coherente por parte do centro as medidas de convivencia ás nosas familias, aprobadas en claustro e consello escolar e publicadas na páxina web.

-Importancia de aumentar a participación das familias na vida do centro e en decisións estratéxicas sobre o mesmo. É preciso aumentar a comunicación das familias co centro de xeito diverso, fluído e directo, promovendo accións consensuadas de toda a comunidade educativa.



1.2. Instalacións.

O noso colexio sitúase na localidade fenesa de Barallobre, tendo un contexto rural e semiurbano, preto (menos de 2 km) do núcleo urbano poboacional, o cal nos aporta ó positivo dos dous entornos.

O C.E.I.P. Plurilingüe O Ramo foi construído no ano 1979, ano, no cal empezou a funcionar coma centro educativo ata o día de hoxe.

As instalacións do colexio son moi axeitadas para o exercicio da docencia e realización de actividades deportivas, contando co pavillón polideportivo posto polo concello de Fene. Aínda así as instalacións precisan de arranxos e renovacións en determinados aspectos debido a certa lonxevidade do edificio. Éstes arranxos esperamos sexan asumidos pola administración (Xefatura Territorial e Concello) competente canto antes.

O centro conta con tres amplas plantas configuradas do seguinte xeito: Na planta baixa estarían a sa de mestres/as, biblioteca, departamento de orientación, comedor, conserxería, sa de limpeza, fotocopiadora, secretaría, salón de actos, xefatura de estudos e dirección, almacén de material de EF e aseos para os nenos/as, o soto do edificio, ten un pavillón polideportivo cuberto. No primeiro piso abicaríanse a aula de psicomotricidade, audiovisuais e as aulas de EI e 1º, 2º e 3º de primaria. No segundo piso, estaría a aula de ordenadores/multimedia, aula de plástica, aula de lingua estranxeira e 4º, 5º e 6º de primaria.



1.3. Condicións socioeconómicas.

O nivel socioeconómico das familias que compoñen a nosa escola é medio.

Podemos calificar a participación das familias na escola coma satisfactoria, pero mellorable sen dúbida. Inténtase que non xurdan problemas e que haxa unha boa colaboración e coordinación, entre todos os membros da comunidade educativa. A ANPA ten un papel activo e importante no colexio, sendo moi proactiva nas distintas actividades que se propoñen dende o centro.

1.4. Recursos humanos.

O centro conta actualmente con 19 mestres e mestras:

- 4 especialistas en Educación Infantil (a maiores 1 titoría compartida)
- 6 especialistas en Educación Primaria.
- 1 mestre de Educación Musical.
- 1 mestre de Educación Física.
- 1 mestra de Lingua estranxeira (Inglés).
- 1 mestra de Relixión Católica.
- 2 mestras de Pedagogía Terapéutica
- 1 mestra de Audición e Linguaxe (Compartida)
- 1 Orientadora.



2. Análise Conceptual Previa.

Existen moitas definicións sobre a **violencia** e os seus múltiples tipos. A comunidade científica coincide en resaltar que as condutas que agreden física ou psicolóxicamente a alguén, e que pretenden causar dano, son condutas que se terían que caracterizar de violentas. Son moitos, porén, os tipos de violencia e as matizacións conceptuais sobre a mesma; tantos como os factores ou as causas que pretenden explicala para comprendela.

Violencia directa, física ou psicolóxica: Así enténdese por violencia directa, física ou psicolóxica, aquela que as persoas máis facilmente perciben como tal, unha agresión, unha violación, un acto terrorista ,a guerra... Fálase tamén de violencia estrutural, máis opaca, menos perceptible, e que ten que ver coa inxustiza, coa pobreza e a exclusión social ou coa miseria.

Violencia simbólica:

Tamén existe unha violencia simbólica , unha violencia virtual, uns comportamentos, unhas actitudes e uns contravalores transmitidos moitas veces polos medios de comunicación e as múltiples pantallas que, fundamentalmente, banalizan a violencia, a naturalizan, mesmo fan a poboación menos sensible coa dor e o sufrimento alleo.

Violencia doméstica:

Fálase igualmente ,da violencia doméstica para referirse á que ten o fogar como ámbito de actuación , como sucede co maltrato infantil ,a violencia dos fillos e fillas para cos pais e as nais ou a violencia de xénero. Mesmo fenómenos e comportamentos que



fai tan só uns anos non eran percibidos socialmente como violentos, hoxe resultan completamente intolerables.

Conflicto:

Cando se fala de conflitividade, con frecuencia téndese a percibir de maneira negativa e considérase que se debe fuxir deles. Isto acontece porque se confunden coa forma en que habitualmente se pretenden resolver, desde unha visión negativa do conflito. Non en tanto, a visión positiva considera que os conflitos existiron, existen e seguirán a existir no futuro, porque son o resultado da propia liberdade; das diferenzas de criterios; de aspiracións, desexos e intereses contrapostos das persoas, grupos ou nacións. A clave, polo tanto, non está en negar os conflitos, senón en aprender a resolvelos pacificamente, por medio do diálogo, da comunicación, do acordo, da negociación, do entendemento e da concordia.

Violencia “natural”: Escóitase con excesiva frecuencia que a violencia é “natural” nos seres humanos. Esta “naturalización” da violencia está en contradición coas publicacións, estudos e investigacións da comunidade científica que insisten en reiterar que é a agresividade e se estado de alerta diante dun perigo, real ou ficticio/a que se pode considerar como innata e non a agresión. Pola contra, a violencia apréndese; é o resultado dunha longa e continua aprendizaxe con axentes tan diversos como a familia, os medios de comunicación, os iguais e a sociedade en xeral. Polo mesmo, a violencia tamén se pode desaprender.

**Convivir:**

A convivir, a compartir vivencias xuntos ,apréndese interatuando; fomentando as boas relacións interpersoais, o autocoñecemento, a autoestima, a autopacificación crítica; desde o diálogo, a escoita activa, a participación, o compromiso e a asunción de responsabilidades. Ademais, isto require un traballo compartido, sistemático e permanente no tempo.

Acoso entre iguais: Cando se fala de matonismo, de acoso entre iguais ou do chamado bullying, faise referencia a situacións reiteradas, dilatadas no tempo, de intimidación, ameaza, agresión ou abuso, que sofre unha persoa como consecuencia da acción doutra persoa ou dun grupo. Non se pode esquecer, tampouco, que existen outras formas de acoso entre persoas con diferentes roles.

Vandalismo: Fálase de vandalismo cando se observan comportamentos ou actitudes de destrución e devastación no mobiliario, edificios ou recursos materiais dun centro ou das persoas, sen consideración nin respecto ningún. Estes comportamentos provocan unha grande alarma e non poden deixarse de lado, polo que cómpre intervir rapidamente con medidas disciplinarias, reparadoras e educativas.

Disciplina: A disciplina é un concepto que ten, na actualidade, connotacións negativas pola súa propia historia pasada, aínda que se sabe que é unha necesidade persoal e social. Por exemplo, a autodisciplina forma parte da bagaxe dunha persoa á hora de enfrontarse cun traballo ou con calquera actividade: educativa, laboral, deportiva ou doutra índole. En definitiva ,insistir na disciplina fai referencia ao respecto a normas democráticas de convivencia, elaboradas e asumidas como propias por todos



os sectores implicados, sexa na aula, no centro ou en calquera organización social ou actividade.

Comportamentos disruptivos: Cando se fala de comportamentos disruptivos, os maioritarios nos centros educativos, faise referencia a moi distintos fenómenos que acontecen a diario e que poden estar relacionados co currículo (falla de hábitos de traballo, non realización das actividades escolares, despreocupación, etc.), cos/as compañeiros/as (mentir ou falsear a realidade, mostrar incapacidade para o diálogo, xogar dentro da clase interrompendo aos demais, etc.) ,co profesorado (mentir, falar a berros, a chulería, xogar dentro da clase para interromper, etc.) ou en relación co centro (non aceptar as normas, deambular polo centro). Ademais, hai que engadir outras problemáticas na relación socio-familiar : problemas familiares graves; proximidade ao mundo das drogodependencias; carencias afectivas, culturais e sociais.

Absentismo escolar: O absentismo escolar, a falta de asistencia habitual ás aulas, non é un fenómeno moi frecuente, pero para atallalo é clave a colaboración interinstitucional e multidisciplinar no ámbito local e municipal. Dito concepto refírese tamén a falta de puntualidade no día a día.

3.OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.

-Incrementar o número de conflitos resoltos por medio do diálogo e a mediación (esta última sempre que fose necesaria) para facer mais visible o seu valor.

-Mellorar as relacións entre as familias e o centro para conseguir unha maior implicación destas na vida escolar dos seus fillos e fillas.



-Conseguir que toda a Comunidade Educativa coñeza, participe na elaboración e exerza as normas de convivencia e funcionamento da escola.

-Aumentar o clima de confianza e comunicación entre o profesorado e o alumnado.

-Profundizar no concepto de diversidade e as diferenzas entre individuos coma valores que melloran a convivencia.

3.1 ACCIÓNS QUE AXUDEN A ACADAR OS OBXECTIVOS PREVISTOS.

-En relación ao obxectivo Mellorar as relacións entre as familias e o centro para conseguir unha maior implicación destas na vida escolar dos seus fillos e fillas.

Accións.

- Favorecer a interacción, comunicación e coherencia do ANPA co Equipo Directivo mediante reunións periódicas.

Temporalización: Dende o curso 2022-23

Responsables: Equipo directivo e dirección do ANPA.

Indicadores de logro: constancia das reunións e actas das mesmas.

- Potenciar a comunicación coas familias a través de reunións periódicas titoriais e do equipo directivo e departamento de orientación (fixadas xa no PXAD).

Temporalización: Dende o curso 2022-23

Responsables: Equipo directivo, dinamización TIC e profesorado en xeral.



Indicadores de logro: constancia e actas das reunións coas familias, realización de 3 reunións trimestrais tutoriais ao ano coas familias, uso da web do centro e correo electrónico, páxina de facebook do Ramo, instagram, blogs de aula e biblioteca.

- Estimular a representatividade do ANPA como cauce de participación na escola.

Temporalización: Dende o curso 2022-23

Responsables: Equipo directivo, profesorado e ANPA.

Indicadores de logro: aumento da participación do ANPA na vida escolar e aumento do número de afiliados.

- Mellorar en cantidade e calidade os contactos das titoras e mestras especialistas (en casos que sexa preciso) os contactos coas familias incrementando contactos (tamén aludido en anteriores obxectivos), e redactando un documento no que se recollan aspectos coma: data de reunión, asistentes, motivo, puntos tratados e acordos tomados.

Temporalización: Dende o curso 2022-23

Responsables: Mestres/as

Indicadores de logro: actas e documento de reunión elaborado.

- Estimular a colaboración das familias nas actividades complementarias realizadas dende o centro: Festa da Benvida, Antroido, Magosto, Maíos, ...

- **Temporalización:** Desde o curso 2022-23

Responsables: ANPA, Equipo directivo e familias.

Indicadores de logro: aumento dos pais e nais que colaboran e participan nas actividades de centro.



-En relación ao obxectivo Conseguir que toda a Comunidade Educativa coñeza, participe na elaboración e exerza as normas de convivencia e funcionamento da escola.

Accións.

- Consensuar neste mesmo plan unhas normas de convivencia da escola aceptadas por todo o profesorado, coas propostas respectivas, e dadas a coñecer aos pais, nais ou titores legais.

Temporalización: Desde o curso 2022-23

Responsables: Equipo directivo, mestras e familias.

Indicadores de logro: Aprobación das normas de convivencia en relación con este plan, en claustro e consello escolar (xa aprobadas) proporcionar e publicar estas normas de convivencia na páxina web.

-En relación ao obxectivo Aumentar o clima de confianza e comunicación entre o profesorado e o alumnado.

Accións.

- Aumentar á adquisición da formación en competencias emocionais.

Temporalización: Desde o curso 2022-23

Responsables: Equipo directivo, departamento de orientación, concello e CFR.

Indicadores: actividades de formación proporcionadas polo propio centro e CFR, materiais proporcionados para este propósito, polo D.O., poñentes proporcionados polo concello e polo centro educativo.



-En relación ao obxectivo Profundizar no concepto de diversidade e as diferenzas entre individuos coma valores que melloran a convivencia.

Accións.

- Iniciar dun xeito decidido con conciencia de “colmea”, por parte de todas as mestras, da importancia de que para atender a diversidade se precisan dous requisitos vontade e formación.

Temporalización: Desde o curso 2022-23

Responsables: Equipo directivo, departamento de orientación e mestres/as en xeral.

Indicadores de éxito: asunción da diversidade coma algo propio da vida e universal, asistencia e proactividade nas sesións de formación sobre diversidade e realización de actividades de formación sobre diversidade.

- Promover unha educación non sexista e de inclusión para o alumnado da escola.

Temporalización: Desde o curso 2022-23

Responsables: Equipo directivo e comunidade educativa en xeral.

Indicadores de éxito: inclusión de todos nos xogos da escola, realización de grupos de traballo e deporte mixtos nas aulas, visión de filmes educativos sobre este tipo de temas (respectando a lexislación vixente) coma: Billy Elliot, Mulan, Quero ser coma Beckham..., incluír a educación non sexista dentro das programacións de aula e realización de talleres para familias e nenos/as.



4. NORMAS DE CONVIVENCIA.

As normas de convivencia consensuadas e acordadas por toda a comunidade educativa son:

1. O respecto a un mesmo, aos compañeiros/as, mestras/es, persoas en xeral, elementos materiais do centro e calquera elemento ou patrimonio do mesmo, coma factor esencial da convivencia.
2. A non tolerancia a ningún tipo de discriminación por razón de raza, sexo, condición natural e/ou económica,.... Concibindo coma único tipo de discriminación tolerable a discriminación positiva cara calquera persoa que, pola súa situación, poida estar desfavorecida.
3. A violencia en xeral, verbal, psicolóxica, social.... non será tolerada nin permitida na escola.
4. A asistencia á clase dun xeito puntual (respectando o horario do centro) é unha condición indispensable para toda a comunidade educativa (tanto en entradas coma en saídas)
5. O/A mestre/a é unha figura de autoridade (LOMLOE 3/2020, Lei 4/2011 e Decreto 8/2015) e como tal será respectado e contará con presunción de veracidade (hasta que non se demostre o contrario).
6. O uso de teléfonos móbiles e calquera outro elemento electrónico está prohibido no centro, agás polos mestres/as en cumprimento das súas funcións, ou cando se xustifique o seu emprego pedagóxico.
7. O centro non se responsabilizará da perda ou deterioro do material do alumnado, principalmente de aquel que non ten un uso estritamente pedagóxico (cromos, xoguetes, obxectos...),



entendendo de que cada alumno/a é responsable do seu bo uso e garda.

8. Están explicitamente prohibidas todas aquelas actividades, accións, obxectos ou elementos que vaian contra a saúde pública ou o benestar dos membros da comunidade educativa e que poidan ser potencialmente perigosos para a mesma.

9. A cooperación e colaboración activa na escola e nas actividades académicas é un valor que fai escola e fomenta o desenvolvemento das persoas, polo tanto será potenciado a nivel curricular, en convivencia e na organización do centro.

10. Débese coidar o aseo e hixiene persoal por parte dos membros da Comunidade Educativa, fomentando hábitos de vida e autonomía, así coma o uso dunha vestimenta axeitada.

11. O respecto e a corrección no trato social a todas as persoas da comunidade educativa, tanto dentro coma fóra da escola, fomentando a solidariedade cos compañeiros/as e mestres/as e con calquera persoa que requira unha atención e axuda.

12. Durante as clases non se permitirá realizar ningunha actividade incompatible coas mesmas coma: comer, mascar chicle, caramelos... sendo o tempo de lecer, programado no horario lectivo, un momento para estas actividades.

13. Durante o horario lectivo non se permitirá deambular polo centro a ningunha persoa allea ao mesmo durante este proceso. As persoas, familiares e/ou titores legais que desexen acceder ao centro deberán ser acompañados, no caso de poder facelo, por persoal do mesmo (mestres de garda ou conserxe).



4.CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA ESCOLAR. DEREITOS E DEBERES DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

A determinación das condutas contrarias á convivencia escolar, tanto de carácter leve e grave, así coma as medidas correctoras, veñen determinadas no decreto 8/2015 de 8 de xaneiro que desenvolve a lei de convivencia educativa (aspectos do decreto anexoado a este plan para poder consultar as faltas graves e leves, **ANEXO 5**), artigos 33, 38, 39, 42 e 43 . Os dereitos e deberes da comunidade educativa (familias, mestras, alumnado e PAS) veñen determinadas na lei 4/2011 de 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa, que tamén se anexa a este plan para a súa consulta, **ANEXO 6**.

Dentro destas condutas contrarias á convivencia escolar atopamos coma unha das que se tipifica como falta grave o acoso escolar (tal e coma se inclúe na Lei 4/2011 e no Decreto 8/2015).

No caso de incumprimento , omisión de normas ou realización dunha falta leve por parte do alumno, o mestre que corresponda cubrirá un **modelo de parte de amoestación** que quedará rexistrado no expediente do alumno e se atopa **anexoado** a este plan **ANEXO 1**.



5. AULA DE CONVIVENCIA ESCOLAR.

5.1 Finalidade e Obxectivo:

O **obxectivo principal** do aula de convivencia é converterse nunha alternativa real á expulsión do centro, para aqueles alumnos/as cos cales se contemple esta medida. No contexto desta pretendemos favorecer un proceso de reflexión, en cada neno/a que se ubique na mesma, sobre as circunstancias nas que foi derivado a ela. Así pretendemos poñer en marcha o mecanismo de empatía dos nosos alumnos/as, tentando que comprendan o alcance das súas condutas para eles, e as demais persoas que os rodean, iniciando un proceso no cal se fagan cargo das súas propias accións, pensamentos, sentimentos e interaccións cos outros. En definitiva, aumentar e perfeccionar as habilidades de pensamento reflexivo e autocontrol, á vez que proporciona un espazo para a análise das súas experiencias persoais e na procura dunha resolución efectiva dos conflitos interpersoais.

5.2 Obxectivos específicos:

- Habilitar un espazo que proporcione ao alumnado as condicións precisas de reflexión sobre a súa conduta e comportamento.
- Fomentar a responsabilidade do alumnado sobre os seus propios actos.
- Contribuír a fomentar valores coma a empatía, cooperativismo, solidariedade e respecto.
- Desenvolver as competencias emocionais.
- Resolución de conflitos dende o diálogo, a mediación e a reflexión.



- Mellora da traxectoria, académica, comportamental e de vida, en xeral.

5.3 Criterios e condicións de atención ao alumnado na aula de convivencia.

O criterio principal para derivar a un alumno/a á aula de convivencia, será cando se lle prive de participar no normal desenvolvemento das súas actividades lectivas pola realización dunha **falta grave contra a convivencia escolar e coma medida alternativa á expulsión do centro**. A aula de convivencia non será un caixón desastre para derivar nenos/as por faltas leves, apartalos momentaneamente do aula.... senón que será unha **medida ordinaria de atención á diversidade** última, **anterior á expulsión, e determinada pola titora, directora e comisión de convivencia da escola**.

A derivación á aula de convivencia ademais, terá en conta:

- Que o alumno/a sexa reincidente nas súas condutas.
- Subscribir compromiso de convivencia e comportamento.
- Que o alumno/al presente dificultades coa autoestima, autocontrol relacións persoais, xestión emocional....
- Que se coñeza claramente que a expulsión non favorecerá a corrección da conduta senón que empeorará a situación.

Á derivación ao aula de convivencia será de 3 veces como máximo ao longo dun curso, posteriormente a medida a contemplar será a expulsión do centro.

5.4 Criterios pedagóxicos e atención educativa no aula de convivencia.

Tanto na aula de convivencia coma en casos de incumprimento grave de normas da escola seguirase un protocolo de traballo, en relación coas Habilidades Sociais, as



Competencias Emocionais, así coma actividades que favorezan a reflexión e o pensamento, deseñadas polo Departamento de Orientación e desenvolvidas no **ANEXO 2**.

5.5 Procedemento de derivación.

O procedemento de derivación realizarase mediante transmisión do titor/a ao equipo directivo de documento cumprimentado, ver **ANEXO 3**. Ter en conta que a derivación á aula de convivencia para ser efectiva deberá ser refrendada pola Directora do centro.

Cando un neno/a sexa derivado/a á aula de convivencia, será preceptiva e obrigatoria (debido ao trato con menores) a comunicación á familia do neno/a por escrito, ver **ANEXO 4**, e oralmente explicando as motivacións que conlevaron isto e a normativa infrinxida polo alumno/a.

5.6 Profesorado responsable da Aula de Convivencia.

Debido á situación do centro, e ao persoal existente, os mestres/as responsables da aula de convivencia serán aqueles que estean de garda.

5.7 Ubicación da Aula de Convivencia.

A Aula de Convivencia ubicarase nas dependencias do Departamento de Orientación.



6.SEGUEMENTO , AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

Estes procesos levaranse a cabo por parte dos seguintes equipos:

6.1 COMISIÓN DE CONVIVENCIA ESCOLAR.

Esta comisión constituirase dentro do seno do Consello Escolar e estará composta polos seguintes membros:

- Directora e Xefatura de Estudos do centro.
- Xefa do Departamento de Orientación.
- Dúas mestras do centro educativo.
- Unha representante das nais e pais do centro.
- A responsable do Consello escolar de coeducación.
- Representante do Persoal de Administración e Servizos.

En Consello Escolar, decidiuse por maioría absoluta, que todos os membros de dito órgano formarán parte da Comisión de Convivencia.

Funcións:

- Dinamización e avaliación deste plan de Convivencia.
- Elaboración dun informe anual sobre a convivencia na escola, cos ámbitos mais representativos.
- Coordinacións de accións conxuntas no ámbito da convivencia coa convivencia educativa.



- Seleccionar a adecuación no PAT das determinadas actividades que inflúen na convivencia.
- Colaborar xunto co departamento de orientación na realización de programas que preveñan e detecten os posibles e/ou existentes problemas de convivencia na escola.
- Realizar unha análise e avaliación trimestral da convivencia da escola.
- Valorar a colaboración de institucións e asociacións que colaboren neste ámbito e sexan mellorables para o centro.

6.2 CONSELLO ESCOLAR.

Composto segundo establece a lexislación vixente e a constitución de cada consello a principios de curso.

Funcións:

- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque se atean á lexislación vixente.
- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.



6.3 CLAUSTRO DE MESTRES E MESTRAS.

Composto por todas as mestras e mestres con destino no centro.

Funcións:

- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar por que estas se atean á normativa vixente.
- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro.

6.4 EQUIPO DIRECTIVO

Composto polos membros do equipo directivo.

Funcións:

- Favorecer a convivencia no centro, garantir a mediación na resolución de conflitos e impoñer as medidas disciplinarias que correspondan aos alumnos/as, en cumprimento da normativa vixente.



7. CONCLUSIÓN.

Todas as funcións dos equipos de coordinación, mestres/as e implicados no plan de convivencia ateranse á normativa vixente referida no preámbulo deste plan e outra posible que puidera surxir, así como as que determine a administración educativa.



XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. Plurilingüe O RAMO

Pablo Ares Feal, 28, 15528 Barallobre-Fene (A Coruña) - T: 881930137 / 881930138, NF: Q6555528F
correo: ceip.oramo@edu.xunta.es web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceiporamo/>



ANEXOS.

**ANEXO 1.**

CEIP O RAMO (BARALLOBRE)												
PARTE DE INCIDENCIAS		Nº Informe <i>(a cumprimentar pola XE)</i>			Curso							
Profesor/a				Data	/ / 201__							
Área				Hora	1ª	2ª	R	3ª	C	R	4ª	5ª

Alumno /a (Apellidos e nome)		Número	
Curso e grupo			
Motivos do parte (En caso doutro tipo de incidencia, explicar con precisión a súa natureza, lugar e momento)			



- A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- Non participar e poñer en cuestión as actividades da aula orientadas ao desenvolvemento dos planos de estudio.
- Rexeitar seguir na aula as orientacións do profesor ou profesora respecto da súa aprendizaxe.
- Falta de respecto ao exercicio do dereito ao estudo dos seus compañeiros.
- Actos inxustificadas que perturban o normal desenvolvemento das actividades lectivas, sempre que non alcancen a gravidade requirida.
- Discriminar a un membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, ou por calquera outra circunstancia persoal ou social, sempre que non alcancen a gravidade requirida.
- Deterioro ou dano causado intencionadamente, das dependencias da aula, do material desta, ou dos obxectos e pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
- Acto de indisciplina, inxuria, ofensas, respecto e consideración ao/á profesor/a e/ou compañeiros de estudos (subliñar o que proceda), sempre que non alcancen a gravidade requirida.
- Actos de desafío a autoridade do profesorado e ao persoal de administración e servizos que non supoña unha indisciplina grave.
- Agresión física contra un membro da comunidade educativa (profesor/a, compañeiros de estudos, persoal non docente...).
- Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro (perigoso para a saúde ou integridade persoal dos membros da comunidade educativa), cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia



Falta de asistencia inustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos nas normas de convivencia do centro.

Outro (especificar):

Breve exposición de feitos:

.....
.....
.....
.....
.....



Seguir no dorso

Sinatura do profesor/a

Observacións:

1.- O orixinal debe ser entregado coa máxima celeridade ao xefe/a de estudos, e unha fotocopia debe ser tamén entregada ao titor/a .

Medidas adoptadas 1

(En caso de aplicar outro tipo de medidas, que poidan ser contempladas na normativa, especificar)



- Amoestación privada ou por escrito do profesor.
- Amoestación privada ou por escrito do titor.
- Chamada telefónica aos pais. Entrevista co titor.
- Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a Xefatura de Estudos.
- Amoestación por escrito. Citación aos pais para manter entrevista co titor e xefe de estudos.
- Realización de traballos específicos en horario lectivo
- Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias e extraescolares do centro por un período de ata 2 semanas.
- Cambio de grupo por un período de ata 1 semana.
- Comparecencia ante o director/ comisión de convivencia para aplicación de sanción.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, por un período de ata 3 días lectivos.
Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos.
Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Outras medida (especificar):
-
-
-



Sinatura do Director/Xefe de
Estudos

Observacións:

1.- Este reverso será cuberto polo profesor, o titor, ou o xefe de estudos, de consideralo oportuno, en cada caso, e asinado polo xefe de estudos para o seu arquivo



2.- Diante de calquera dúbida, consultar a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

ANEXO 2.

Ficha 1



FICHA DE AUTOOBSERVACIÓN.

NOME E APELIDOS:

CURSO E GRUPO:

DATA:

Sesión:

Todas as persoas cometemos erros. O problema non é o erro en si mesmo, senón as causas que o provocan e as actitudes negativas que traen coma consecuencia. Polo tanto, para saír do erro, temos que reflexionar, auto-observarnos e coñecer as causas que nos levaron a tal actitude ou acción.

Describe o que ocorreu:

Por que actúo de ese xeito?

Como me sinto?

Que podo facer nesta situación?

Qué quero facer para resolver esta situación?

Decisión tomada:



Para ser mellor comigo mesmo e contribuír á satisfacción das persoas que me rodean, realizarei un diario de auto-observación durante unha semana.

Asdo:

O alumno/a.....



Ficha 2



COMPROMISO I

NOME E APELIDOS:

CURSO E GRUPO:

DATA:

Eu _____ comprométome a reparar o dano a _____ (persoa afectada polos meus feitos) pola falla de respecto á súa persoa _____ (pegándolle, insultándoa, mentíndolle, gritándolle, molestando na aula, non deixando dar clase...).

Para isto realizarei as seguintes actividades reparadoras (marcar):

- Pedir desculpas.
- Observar os aspectos positivos da súa persoa.
- Outras (indica cales):



Co compromiso firme de que non se volverá a repetir.

Asdo:

O alumno/a..... Data ___/___/___



Ficha 3



COMPROMISO II

NOME E APELIDOS:

CURSO E GRUPO:

DATA:

Eu _____ comprométome a reparar o dano a _____ (persoa afectada polos meus feitos) pola falla de respecto á súa persoa _____ (pegándolle, insultándoa, mentíndolle, gritándolle, molestando na aula, non deixando dar clase...).

Para isto realizarei as seguintes actividades reparadoras (marcar):

- Pedir desculpas.
- Observar os aspectos positivos da súa persoa.
- Outras (indica cales):



Co compromiso firme de que non se volverá a repetir.

Asdo:

O alumno/a..... Data ___ / ___ / ___



Ficha 8



Ficha 4

NOVO COMPROMISO

NOME E APELIDOS:

CURSO E GRUPO:

DATA:

A primeira vez que pasaches pola aula de convivencia comprometíche a:

Pensas que cumpriches o teu compromiso?

Porque rompiches o teu compromiso? (marca a resposta axeitada)

Esquecinme.

Por culpa de outras persoas _____ Que pasou? _____



Outras razóns (indica cales):

Como te sentes despois de romper o compromiso? Ten en conta que a próxima vez a corrección non será vir ao aula de convivencia, senón algo mais grave.

Que vas facer para que isto non volva a suceder?

Ficha 5



MATERIAL PARA COÑECER E MELLORAR OS SENTIMENTOS

Sesión:

NOME E APELIDOS:

CURSO E GRUPO:

DATA:

¿QUE ENTENDO POR DIVERTIRME?

Cando estamos contentos nos sentimos mellor e os demais beneficianse disto. Polo tanto, a diversión é unha actividade que realizamos para sentirnos ben; sen embargo, hai persoas que viven o xogo dun xeito negativo: insultando, poñendo motes, tirando papeis, ríndose dos mais, rompendo materiais...

Que significa para ti divertirse ou xogar?

Sabes xogar só e con outras persoas?



É mais divertido pasalo ben co resto de compañeiros/as? ¿Porqué?

Escribe catro comportamentos que vexas en ti positivos, que fixeras para divertirte e alegrar a outras persoas sen prexudicar a ninguén. Mentres o fas deixa que a túa mente che ensine escenas reais da túa vida nas que estes comportamentos tiveron consecuencias positivas para ti e para os mais.

Escribe catro situacións da túa vida nas que alguén che faltou ao respecto: insultándote, pegándote, mentíndote, ríndose de ti... Describe tamén os sentimentos producidos en ti neses intres.

Como se sentirán os outros cando lles faltas ao respecto?.





Asdo:

O alumno/a..... Data ___/___/___

Ficha 6

Sesión:

NOME E APELIDOS:

CURSO E GRUPO:

DATA:

APRENDEMOS A TER AMIGOS

A amizade podémola definir coma un afecto persoal e desinteresado entre dúas ou mais persoas que se vai incrementando co contacto diario e nos fai felices. Para ter amizade, é preciso que sexamos persoas sinceras, xenerosas e ter sentimentos comúns. O contrario da amizade é o engano e o egoísmo.

Escribe as características que lle pides a un amigo teu.

Relaciona amizade con outras palabras.



Escribe tres palabras que penses que son o contrario da amizade.


Porque hai amizade?

Que pasaría se todos fósemos amigos e amigas?

Estás facendo o posible para buscar unha boa relación entre os compañeiros/as da clase? Porque?

Porqué é importante que todos sexamos amigos?

A amizade verdadeira fai que teñamos un trato agradable, comuniquemos as nosas alegrías e penas...
nunha palabra: **a verdadeira amizade alegra a nosa vida.**





Asdo:

O alumno/a..... Data ___ / ___ / ___

Ficha 7

Sesión:

NOME E APELIDOS:

CURSO E GRUPO:

DATA:



MATERIAIS PARA O AUTOCONHECIMENTO

RECICLAMOS OS SENTIMENTOS NEGATIVOS

Para logralo precisamos:

Fixarse no positivo.

Cando exaltamos só o negativo dun feito, esquecemos outros aspectos que poden ser positivos. Deste xeito parece que toda situación é mala.

Luisa está a traballar cos seus compañeiros de grupo, tiñan unha actividade moi adiantada e ben respondida. Entón decide gastarlle unha broma a un amigo lanzándolle unha bola de papel, a profesora vea e chámalle a atención moi seria.

Despois deste incidente sentiuse moi deprimida. Estaba certa de que a mestra cría que non traballou nada na clase. Xa non lle importou o ben que levaban a actividade.

Non xeralizar.

A partir dun simple incidente chegamos a unha conclusión xeral. Unha experiencia desagradable pode facernos pensar que sempre que se repita unha situación similar, repetirase a experiencia desagradable.

Tomas chega a conclusión, despois de que o mestre lle chamara a atención por non atender á explicación en varias ocasións, que sempre que alguén lle fale na clase, botaranlle a culpa a el.

Non personalizar.



Ás veces pensamos que todas as cousas teñen algo que ver con nós e tendemos a compararnos coas demais persoas.

A mestra díxolle a Miguel: *“es un alumno moi traballador”*. Ante isto Pedro pensou: *“seguro que é mais intelixente ca min”*.


Non interpretar o pensamento dos demais.

Fai referencia á nosa sospeita sobre as demais persoas, crendo cousas sobre elas que son soamente imaxinacións nosas.

O mestre non está de bo humor debido a sucesos acontecidos noutra clase. María pensa: “seguro que está así, porque pensa que fixen algo mal”.

Estes pensamentos inflúen no noso carácter. Non son as cousas que pasan, senón todo aquilo que dicimos o que fai que nos sintamos ledos, tristes, enfadados...

Explica como cres que podes cambiar os sentimentos negativos, no teu caso, tendo en conta o anterior.





Asdo:

O alumno/a..... Data ___ / ___ / ___



Sesión:

CURSO E GRUPO:

DATA:

RECOÑECER A IRA.

Para controlar a ira e determinados sentimentos negativos pódense utilizar algúns trucos:

- Respirar profundamente.
- Contar cara atrás despazo.
- Pensar en cousas agradables.

As dúas primeiras técnicas permiten un maior tempo para responder, de xeito que as respostas non sexan maleducadas e a berros. A terceira pensar en cousas agradables, serve para calmarse antes de meter a pata.

Describe as túas últimas situacións de ira e o xeito de evitalas nun futuro.



Na nosa convivencia as discusións, os enfrontamentos, é dicir, os conflitos son algo habitual e natural nas relacións humanas. O problema non é o conflito en si, senón o que se faga despois. Que aprendas a coñecerte e , polo tanto, a saber porque fas o que fas e a resolver con éxito situacións conflitivas dependerá de ti nunha boa parte. Conseguirás que todo che vaia mellor.

Asdo:

O alumno/a..... Data ___ / ___ / ___



Ficha 9



Sesión:

CURSO E GRUPO:

DATA:

O RESPECTO REFERIDO A:

A propia persoa

Aceptarse a si mesmo e valorarse.

Coidado da saúde física e mental.

Adicar un tempo ao auto coñecemento.

Non permitir agresións a túa persoa.

Descubrir gustos e aficións.

Cara a outra persoa

Saber poñerse no lugar do outro.

Descubrir os aspectos positivos dos demais.

Interese por coñecer a outras persoas.

Traballar cooperativamente.

Co entorno

Sentir que a terra é de todos os que a habitan.

Coidar o material.

Colaborar nas tarefas de limpeza e orde.

Gusto polo entorno fermoso.



Escribe agora as características de cada un dos apartados anteriores que non tiveches en conta e deberás ter moi presente para non volver faltar ao respecto.

Asdo:

O alumno/a..... Data ___ / ___ / ___



XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. Plurilingüe O RAMO

Pablo Ares Feal, 28, 15528 Barallobre-Fene (A Coruña) - T: 881930137 / 881930138, NF: Q6555528F
correo: ceip.oramo@edu.xunta.es web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceiporamo/>



Ficha 10



NOME E APELIDOS:

CURSO E GRUPO:

DATA:

Sesión:

CONVIVENCIA NA ESCOLA.

Os alumnos e alumnas debedes aprender a defender os vosos dereitos e os dos demais, a valorar os deberes e normas coma facilitadores da convivencia.

PENSA:

Todo grupo humano ten unha estrutura e unhas normas que regulan o seu funcionamento. A responsabilidade dos membros do grupo manifestase en cumprir as normas aceptadas.

Á escola acoden moitas persoas con diversos fins e responsabilidades; **TODO FUNCIONARÁ SE CADA UN FACEMOS O QUE TEMOS QUE FACER.**

A palabra norma ás veces, produce rexeitamento, pero non é unha imposición, senón unha forma de vivir mellor, non é un conflito senón un elemento facilitador.

As normas, como todo na vida, son mellorables, e pódense cambiar polos camiños axeitados. Hai xente que cre que ter personalidade é ir contra os que mandan e opóñense por sistema a estes. Esta postura é mais ben inmadurez ou orgullo.

Así imos repasar as normas de convivencia da escola: (Coméntanse co neno, están dentro do plan de convivencia).

Escribe o que che parezan e suxerencias sobre as mesmas:



- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.

Asdo:

O alumno/a..... Data ___ / ___ / ___



ANEXO 3

INFORME DE DERIVACIÓN AO AULA DE CONVIVENCIA.

Datos do alumno/a:

Apelidos: _____ Nome: _____

Grupo: _____ Idade: _____ Non promocionou: _____

Número de derivacións ao aula de convivencia: _____

Antecedentes de conduta do alumno/a:

Motivo de derivación ao aula de convivencia:

Obxectivos da derivación:



Datos sobre a derivación						
Número de días.						
Número de horas por día.						
Horario de permanencia na aula.	HORARIO	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
	1ª Sesión					



	2ª Sesión					
	3ª Sesión					
	RECREEO					
	4ª Sesión					
	5ª Sesión					
Actividades formativas a realizar						
Actividades de reflexión a realizar						

En _____ Barallobre _____ a _____
 de _____ de _____

O titor/A titora

VºBº A Directora



Asdo: _____

Asdo: _____

ANEXO 4.

COMUNICACIÓN Á FAMILIA.

Reunidos

D/Dña _____

(pai/nai, _____ titor/a _____ legal) _____ do

alumno/a: _____ e a directora do CEIP

Plurilingüe O Ramo (Barallobre),

Para o seu coñecemento comunícaselles a resolución adoptada de derivar ao citado alumno ou alumna ao aula de convivencia nas condicións establecidas no Plan de Convivencia e especificadas a continuación:



En Barallobre a _____ de _____ de _____

A Directora

O pai/nai, titor/a legal

Asdo _____

Asdo _____

ANEXO 5.



Condutas leves contrarias á convivencia (art.42 Decreto 8/2015)	Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia (art.43 Decreto 8/2015)	Aplicación das medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia (art.44 Decreto 8/2015)
<p>a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.</p> <p>b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.</p> <p>c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.</p> <p>d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.</p> <p>e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.</p>	<p>a) Amoestación privada ou por escrito.</p> <p>b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a Xefatura de Estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.</p> <p>c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.</p> <p>d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.</p> <p>e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.</p> <p>f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.</p> <p>g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p> <p>h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p>	<p>Responsables da aplicación das medidas correctoras. A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:</p> <p>a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 43 deste decreto.</p> <p>b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 43 deste decreto.</p> <p>c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 43 deste decreto.</p> <p>d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto. A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou ao pai, ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á Comisión de Convivencia do centro.</p> <p>Solicitud de revisión e execución de medidas</p> <ul style="list-style-type: none"> • As alumnas ou os alumnos ás/aos que se lles aplique as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto, ou de ser o caso, se fosen menores non emancipadas ou emancipados, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es, poderán mostrar o seu desacordo coa aplicación destas, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á Dirección do centro, que logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora. • A resolución que impoña algunha das medidas correctoras ás que se refire o apartado 1 deste artigo, así como ás restantes recollidas no artigo 43 deste decreto, pon fin á vía administrativa, e será inmediatamente executiva.

**Artigo 16. Condutas leves contrarias á convivencia**

LEI 4/2011 DE CONVIVENCIA	NON TIPIFICADAS NO RD 732/1995 (ART. 48 E SS.)
<p>Considéranse condutas leves contrarias á convivencia</p> <p>a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.</p> <p>b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo anterior.</p> <p>c) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.</p> <p>d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.</p> <p>e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.</p>	<p>Artículo 41. Las normas de convivencia del centro, recogidas en el Reglamento de régimen interior, podrán concretar los deberes de los alumnos y establecerán las correcciones que correspondan por las conductas contrarias a las citadas normas. Todo ello, de acuerdo con lo dispuesto en este título.</p>

Artigo 22. Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia

LEI 4/2011 DE CONVIVENCIA	Art. 48 RD 732/1995
<p>As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:</p> <p>a) Amonestación privada ou por escrito.</p> <p>b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.</p> <p>c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.</p> <p>d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</p> <p>e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.</p> <p>f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.</p> <p>g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p> <p>h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p>	<p>Las conductas contrarias a las normas de convivencia del centro podrán ser corregidas con:</p> <p>a) Amonestación privada o por escrito.</p> <p>b) Comparecencia inmediata ante el Jefe de estudios.</p> <p>c) Realización de trabajos específicos en horario no lectivo.</p> <p>d) Realización de tareas que contribuyan a la mejora y desarrollo de las actividades del centro o, si procede, dirigidas a reparar el daño causado a las instalaciones o al material del centro o a las pertenencias de otros miembros de la comunidad educativa</p> <p>e) Suspensión del derecho a participar en las actividades extraescolares o complementarias del centro.</p> <p>f) Cambio de grupo del alumno por un plazo máximo de una semana.</p> <p>g) Suspensión del derecho de asistencia a determinadas clases por un plazo máximo de tres días. Durante el tiempo que dure la suspensión, el alumno deberá realizar los deberes o trabajos que se determinen para evitar la interrupción en el proceso formativo.</p> <p>h) Suspensión del derecho de asistencia al centro por un plazo máximo de tres días lectivos. Durante el tiempo que dure la suspensión, el alumno deberá realizar los deberes o trabajos que se determinen para evitar la interrupción en el proceso formativo.</p>



Conduas gravemente prexudiciais para a convivencia (art.38 Decreto 8/2015)	Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais (art.39 e 40 Decreto 8/2015)	Aplicación das medidas correctoras cgpc (art.41 D. 8/15)
<p>a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.</p> <p>b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.</p> <p>c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.</p> <p>d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, á dignidade da persoa, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.</p> <p>e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.</p> <p>f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.</p> <p>g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.</p> <p>h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.</p> <p>i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.</p> <p>j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.</p> <p>k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.</p> <p>l) O incumprimento das sancións impostas.</p>	<p>a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</p> <p>b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.</p> <p>c) Cambio de grupo.</p> <p>d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p> <p>e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p> <p>f) Cambio de centro.</p> <p>IMPORTANTE: Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa, que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do apartado primeiro deste artigo.</p> <p>CAMBIO DE CENTRO.- Medida correctora de CARÁCTER EXCEPCIONAL</p> <ul style="list-style-type: none"> Esta medida correctora non poderá propoñerse ao alumnado que curse a ensinanza obrigatoria cando na localidade onde se sitúa o seu centro ou na súa localidade de residencia non exista outro centro docente que imparta as ensinanzas que curse. A proposta de cambio de centro podará supoñer o cambio de réxime, de modalidade ou de materia. Cando a persoa instrutora dun procedemento corrector propoña á persoa responsable da Dirección do centro a imposición a unha alumna ou a un alumno da medida correctora de cambio de centro, a Dirección deberá comprobar que se cumpren os requisitos establecidos nos apartados precedentes deste artigo, e logo da comprobación de tales circunstancias, comunicará inmediatamente a proposta á xefatura territorial correspondente, achegándolle o expediente do devandito procedemento corrector. A xefa ou o xefe territorial correspondente, logo de analizar o caso e tendo en conta o informe da Inspección Educativa, autorizará, no seu caso, mediante resolución, a aplicación da medida correctora de cambio de centro. No caso de non ser autorizada a proposta, a Dirección do centro deberá modificala e aplicar outras medidas correctoras. 	<ul style="list-style-type: none"> A Dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, impoñerá as correccións enumeradas no artigo 39 deste capítulo de conformidade cos procedementos previstos no capítulo IV do título III deste decreto. Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión, se a Dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

**Artigo 15. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.**

LEI 4/2011 DE CONVIVENCIA	Art. 53 RD 732/1995
Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:	Se consideran conductas gravemente perjudiciales para la convivencia en el centro:
a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.	c) La agresión grave física o moral contra los demás miembros de la comunidad educativa o la discriminación grave por cualquiera de las razones enumeradas en el artículo 12.2 a) de este Real Decreto.
b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social..	c) id.
c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.	a) Los actos de indisciplina, injuria u ofensas graves contra los miembros de la comunidad educativa.
d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atentan contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.	a), c) id.
e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 desta lei.	c) id.
f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.	d) La suplantación de personalidad en actos de la vida docente y la falsificación o sustracción de documentos académicos.
g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.	e) Los daños graves causados por uso indebido o intencionadamente en los locales, material o documentos del centro o en los bienes de otros miembros de la comunidad educativa.
h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.	f) Los actos injustificados que perturben gravemente el normal desarrollo de las actividades del centro.
i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.	g) Las actuaciones perjudiciales para la salud y la integridad personal de los miembros de la comunidad educativa del centro, o la incitación a las mismas.
j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 desta lei cando se é requirido para iso polo profesorado.	g) id.
k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.	b) La reiteración, en un mismo curso escolar, de conductas contrarias a las normas de convivencia del centro recogidas en el Capítulo II del Título IV de este Real Decreto.
l) O incumprimento das sancións impostas.	h) El incumplimiento de las sanciones impuestas.

Artigo 21. Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

LEI 4/2011 DE CONVIVENCIA	Art. 53 RD 732/1995
As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixisas coas seguintes medidas:	Las conductas enumeradas en el artículo anterior podrán ser corregidas con:
a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.	a) Realización de tareas que contribuyan a la mejora y desarrollo de las actividades del centro o, si procede, dirigidas a reparar el daño causado a las instalaciones o al material del centro o a las pertenencias de otros miembros de la comunidad educativa. Estas tareas deberán realizarse en horario no lectivo.
b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.	b) Suspensión del derecho a participar en las actividades extraescolares o complementarias del centro.
c) Cambio de grupo.	c) Cambio de grupo.
d) Suspensión do dereito de asistencia á determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.	d) Suspensión del derecho de asistencia a determinadas clases durante un período superior a cinco días e inferior a dos semanas. Durante el tiempo que dure la suspensión, el alumno deberá realizar los deberes o trabajos que se determinen para evitar la interrupción en el proceso formativo.
e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.	e) Suspensión del derecho de asistencia al centro durante un período superior a tres días lectivos e inferior a un mes. Durante el tiempo que dure la suspensión, el alumno deberá realizar los deberes o trabajos que se determinen para evitar la interrupción en el proceso formativo.
f) Cambio de centro.	f) Cambio de centro.



ANEXO 6.

DEREITOS E DEBERES DA COMUNIDADE EDUCATIVA. (Lei 4/2011)

Artigo 6. DEREITOS E DEBERES DAS NAIS E PAIS OU DAS TITORAS OU TITORES.

1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:



- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

Artigo 7. **DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO.**

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.



e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

2. Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.

b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.

c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.

e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.

f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.

g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.

h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.



Artigo 8. DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO.

1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.

d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.

e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.

f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.



2. Son deberes do profesorado:

- a) Respetar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio educativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.



Artigo 9. DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E DE SERVIZOS.

1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.

d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.

e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

2. Son deberes do persoal de administración e de servizos:

a) Respectar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.



- c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

- d) Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.



XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. Plurilingüe O RAMO

Pablo Ares Feal, 28, 15528 Barallobre-Fene (A Coruña) - T: 881930137 / 881930138, NF: Q6555528F
correo: ceip.oramo@edu.xunta.es web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceiporamo/>

